

APOLO E DAFNE

O primeiro amor de Apolo¹, que non llo deu a cega fortuna
senón a violenta cólera de Cupido², foi Dafne³, filla de Peneo⁴.
O de Delos⁵, farruco por vencer un dragón, vírao
dobrar os extremos do arco tensando a corda
e dixéralle: ”¿Qué fas, picariño, con armas de forzudos?
Ese esforzo vaille ben ós meus brazos,
que podo abater con tino monstros e inimigos,
non hai moito matei, inflado a frechazos, a Pitón⁶,
que aflixía co seu bafo mortal campos inmensos.
Ti conténtate con excitar co teu facho descoñecidos amores
e non te empeñes en emular a miña gloria”.
A el respóndelle o fillo de Venus:” Fira o teu arco a todos⁷,
o meu a ti; e en tanto que todos os seres vivos se renden
a un deus, menor é túa gloria comparada coa miña”.
Acabou de falar e cruzando o ceo a golpe de ás

¹ Fillo de Zeus e Leto. Perseguida pola celosa Hera Leto erraba por toda a terra buscando un sitio para parir os seus fillos, pero ninguén lle daba acollida por temor á raíña dos deuses. Só unha illa flotante chamada Ortixia deu asilo á desventurada. Aquí nace Apolo que agradecido a converte no centro do mundo grego e lle dá o nome de Delos, “a brillante”.

² Deus do amor, fillo de Venus e Marte. Neno alado, con arco e frechas ou un facho.

³ Dafne en grego significa “loureiro”.

⁴ Deus-río de Tesalia, fillo de Océano e Tetis, pai de Dafne.

⁵ Ver nota 1.

⁶ Cando Apolo decide fundar o santuario ó pé do Parnaso, preto de Delfos, atopou un dragón, chamado Pitón, que assolaba o país alodando manantiais e arrosos e aniquilando animais e seres humanos, co que acabaou a frechazos. Pitón pasaba por ser fillo da Terra como todos os monstros.

⁷ Apolo é o deus que fire de lonxe. Para homes e animais as súas frechas son portadoras de enfermidade e morte (Apolynai: facer morrer)

pousou lixeiro no cume umbrío do Parnaso⁸
e desde a saetífera alxaba lanzou dúas frechas
de efecto diverso: unha espanta o amor, a outra atráeo;
a que o atrae é de ouro e brilla na afiada punta,
a que o espanta é roma e ten chumbo na cana;
o deus cravou con esta a ninfa peneida, pero coa outra
feríu, atravesándolle os ósos, o máis íntimo de Apolo;
de repente el ama, evita ela o nome de amante
gozando da espesura da selva e dos despoxos
das alimañas que cazaba, émula da virxinal Febe⁹;
unha fita cingue os seus cabelos desguedellados.
Moitos a pretenderon, ela, despectiva cos pretendentes,
incapaz de aturar marido, anda por bosques tupidos
e non coida que significa Himen¹⁰, que Amor, que matrimonio.
Moitas veces os seu pai lle dixo: "débesme un xenro, filla".
Moitas veces o seu pai lle dixo: "débesme, filla, un neto".
Ela, que odiaba os fachos nupciais como un desdouro,
deixaba ver o fermoso rostro acorado de tímido rubor
e nos brandos brazos do seu pai, collida do seu colo,
dixo: "concédeme disfrutar, queridísimo pai, dunha virxindade
perpetua; isto concedeulle antes o seu pai a Diana".
El si que lle fixo caso; pero o teu engado impideche ser

⁸ Montaña de Grecia consagrada a Apolo e ás Musas.

⁹ "A brillante". Deusa romana identificada con Artemisa, irmá xemelga de Apolo, que permanece virxe e eternamente adolescente, muller arisca que se comprace só coa caza.

¹⁰ Deus que preside o desfile nupcial e se encarga de prender os fachos.

o que máis queres, a túa beleza oponse ó teu desexo.

Febo está namorado e anhela unirse a Dafne non máis vela,

e no que anhela confía, pero fallan os seus oráculos;

como se inflama a palla lixeira, desprovista das espigas,

como arden os cainzos polos fachos que un camiñante

por azar achega en exceso ou descoida cando chega o día,

así arde o deus, así se se consume todo o seu corazón

e alimenta o seu amor estéril coa esperanza.

Ve que os cabelos lle caen desguedellados no colo

e di: "¿Como sería, se os peitease?" , ve que os ollos

brillan semellantes ás estrelas, ve a súa boquiña,

que non se cansa de mirar, alaba os seus dedos, as mans,

os brazos e os seus antebrazos medio espidos,

e o que esconde pensa que aínda é mellor; ela corre máis veloz

que a lixeira brisa e desoe o reclamo de quen a chama:

“¡Ninfa, por favor, filla de Peneo, agarda!, non te acoso como un inimigo;

¡agárdala, ninfa! Así escapa a aña do lobo, así a cervo

do león, así as pombas, batendo as ás, da aguia,

inimigo cadaquén do outro. ¡O amor é a razón de que eu te persiga!

¡Coitado de min! ¡Non vaias caer, que non sintan as túas pernas

os espiños das silveiras e eu sexa para ti causa de dor!

Escarpados son os sitios por onde corres: vai amodiño, por favor,

non te escapes; máis amodo irei tras túa.

¡Pregúntate a quen lle gustas, non é un monteiro,

non son un pastor, nin coido aquí como un pailán gando

e rebaños! Non sabes, temeraria, non sabes
a quen lle escapas, por iso corres. Obedécenme a terra de Delfos¹¹,
Claros e Ténedos, e o palacio real de Pátara.
¡Son fillo de Xúpiter. Grazas a min coñécese o futuro,
o presente e o pasado; grazas a min armonízase canto e música!
A miña frecha fai diana, pero hai unha máis certa
cá miña, a que feriu o meu corazón libre.
A medicina é a miña arte, todo o mundo me chama
menciñeiro, e o poder das herbas depende de min.
Coitado, porque o amor non cura con ningunha herba,
e non serven de nada ó artista as mañas que serven a todos.
A filla de Peneo escapa correndo chea de medo de quen ía
seguir falando, deixándoo coa mesma coa palabra nos labios.
Entón tamén lle pareceu xeitosa; o vento descubríalle o corpo,
as brisas, que lle daban de cara, ondeaban o vestido,
lixeira flotaba no aire a súa cabeleira, co correr
creceu a beleza. Pero o xovial deus xa non pode
perder máis palabras amables, e como o aconsellaba
o mesmo Amor, apurando o paso, segue as pisadas.
Como cando o galgo ve unha lebre en campo aberto,
aquele busca veloz a presa, esta a salvación
(aquele semellante ó que vai cazar e xa quere ter
a presa e co fociño osmando segue as pegadas,

¹¹ O santuario máis coñecido de Apolo na Grecia continental. Claros e Pátaro eran os santuarios en Asia e Ténedos no Exeo, preto de Troia.

a outra está na incerteza de se xa está atrapada
e se libra dos dentes e da boca que a acosaba):
así o deus e a doncela. El movido pola esperanza, ela polo medo.
E sen embargo o que persegue é máis rápido axudado polas ás
do Amor, nin se permite un respiro, e xa dá alcance
á que escapa e sopra a cabeleira que lle ondea na caluga.
Esgotadas as forzas esvaeceu ela, extenuada polo esforzo
da veloz carreira, e mirando as augas do Peneo¹² di:
“¡Axúdame, pai!, se os ríos tedes poder divino,
transfórmame, mundando a figura coa que tanto gostei”.
A penas rematada a súplica, un grave torpor invade os seus membros,
unha tenue cortiza envolve o seu feble corpo,
os cabelos crecen en fronde, os brazos en pólas;
os pés ata hai ben pouco velozes fíxanse con firmes raíces,
a cabeza ten copa: o único que mantén é a beleza.
Aínda así a ama Febo¹³ e acariciando a cortiza coa súa man
sente latexar o corazón debaixo da cortiza
e abrazando as pólas, como se fosen brazos,
bica o que xa é madeira: pero rexeita os beixos a madeira.
E do deus dille:”aínda que non podes ser a miña esposa
sen embargo serás a miña árbore”. Sempre estarás
na miña cabeza, na miña cítara, loureiro, na miña alxaba.
Ti adornarás os caudillos victoriosos, cando o canto ledó

¹² Ver nota 4.

¹³ “O brillante”, epíteto de Apolo.

celebre o triunfo e paseen o Capitolio os grandes desfiles.

Ti mesma, garda fidelísima, colgarás das portas do palacio de Augusto e cobexarás a aciñeira ¹⁴ que ocupa o centro.

Como a miña cabeza de neno loce cos cabelos sen rapar¹⁵, ti tamén leva perenne o ornamento das túas follas”.

Acabou de falar Peán¹⁶: o loureiro abanou as súas pólas e parecía que movera a copa como se asentise coa cabeza.

¹⁴ Augusto gozaba do privilexio honorífico, outorgado polo Senado, de colgar un loureiro en cada unha das follas da porta do palacio e sobre ela unha coroa cívica de follas de aciñeira, “ob cives servatos” (por salvar cidadáns).

¹⁵ “Nunca, Señor o teus cabelos serán cortados, nunca serán danados, esa é a lei”. (Apolonio de Rodas, *Argonauticas*, II, 708-9). Cortar a cabeleira é un ritual que marca o paso á idade adulta en todo un conxunto de tradicións.

¹⁶ Epíteto ritual de Apolo médico ou menciñeiro.